BONOS E ENTRADAS

BONOS - 7 REPRESENTACIÓNS
ZONA A: **45 €**
ZONAS B e C: **30 €**

ENTRADAS
ZONA A: **10 €**
ZONAS B e C: **8 €**

* desconto de 2 € para persoas en paro, menores de 30 anos e xubiladas
Sueño de una noche de verano, obra para público familiar: prezo único de 5 €

Venda anticipada de bonos: do 17 ao 30 de xaneiro no Centro de Interpretación da Muralla, CIM, situado na praza do Campo, número 11.

Venda de entradas: en horario de luns a domingo, das 11.00 ás 13.30 horas, e das 16.00 ás 17.30 horas no CIM. O día da representación ata as 13.00 horas no CIM e 1½ antes da función no Auditorio Municipal.

* As persoas que adquiran entrada con desconto deberán acreditarse na porta de acceso.

IMPORTANTE: NON SE PERMITIRÁ O ACCESO Á SALA UNHA VEZ COMEZADA A FUNCIÓN

+ info
www.lugo.es
ou no teléfono do Concello 010, 982 297 350 (dende fóra de Lugo)

Concello de Lugo
Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua

Mostra Teatro Clásico

LUGO

Do **31** de xaneiro
ao **15** de febreiro

Auditorio Municipal
Gustavo Freire



31 Xan

Venres, **31** de xaneiro
Duración: 90 minutos.

HÉCUBA

de Eurípides

PENTACIÓN
Dirección: José Carlos Plaza
Versión: Juan Mayorga
Reparto: Concha Velasco, José Pedro Carrión, Juan Gea, Pilar Bayona, María Isadi, Alberto Iglesias, Luis Rallo, Alberto Berzal, Denise Perdikidis, Marta de la Aldea, Zaira Montes.

Nesta obra, Concha Velasco exerce de dama do teatro á inglesa, nunha categoría que moi poucas intérpretes lograron nas difíciles táboas españolas.

Pero desde o principio algo había. *Hécuba* era o seu soño desde que estudaba baile. Só na madurez emocional e interpretativa é posible alcanzar esta personaxe creada por Eurípides hai 2.500 anos. Situada entre a Ilíada e a Odisea, a obra narra a traxedia de Hécuba, destronada raíña de Troia e a súa vinganza contra o tracio traidor que matou o seu fillo.

A versión de Juan Mayorga é limpa e precisa, unha "radiografía da alma" ante a maior das traxedias humanas: a guerra e a morte dos seres queridos. O director, Juan Carlos Plaza, apenas pon aderezos ao texto, só apoiado por unha escasa iluminación e a licenza da música de Mariano Díaz e os sons do mar que bañan Ilión, que subliña as pasaxes máis emotivas.

O resto é todo Concha, acompañada maxistralmente por José Pedro Carrión como Ulises e Alberto Iglesias como Poliméstor, entre outros. Miradas perdidas, inflexións de voz, emoción e rabia contidas ata a escena final, onde saltan as emocións da escena na platea, que poñen o público en pé e que permiten que a actriz se convirta con esta obra en lenda viva do teatro a cabalo entre un século e o outro. Pode ser a última dunha xeración de ouro que non sabemos se se volverá repetir neste mundo tan louco e cambiante do século XXI.

Sábado, **01** de febreiro
Duración: 75 minutos.

ROMANO

ESPELLO CÓNCAVO
Dirección: Lino Braxe
Reparto: Miguel Pernas, Manuela Varela e Xosé Vilarelle.

Soa unha música orixinal que lembra, desde a distancia, o mundo romano e escóitase a aria de Orfeo e Eurídice. Sobriedade, sinxeleza e un certo ton espido presiden a ambientación musical da peza. Así, escóitase a Patricia que anuncia no comezo toda unha declaración poética do que vai acontecer.

Un senador romano, logo de vivir a Roma de Augusto, as atrocidades de Tiberio e os delirios de Calígula, decide regresar á súa cidade natal, Tarento, lonxe da barbarie sanguinaria dos Césares do Imperio e das intrigas políticas que tivo que contemplar durante anos o Senado. Desde Tarento, a capital de Apulia, evocará todo o que foi a súa vida na cidade do Tíber. Neste paseo polo amor, a morte, a política, as guerras e o xurdimento do cristianismo, estará acompañado por outras figuras, sobre todo por Roxana, unha escrava fiel e intelixente que tentará en todo momento protexer e agradar ao seu señor.

O senador estará permanentemente acompañado doutros personaxes, doutras figuras, doutras presenzas que son importantísimas na vida do protagonista e que

achegan unha enorme frescura e amenidade ao texto.

Non se pode negar o marcado ton poético de *Romano*, mais non debería verse só como un drama poético, pois en *Romano* hai traizóns, amores, envelenamentos, detencións, intrigas políticas e ata o arrecendo das guerras. É un retrato dun home e dunha época convulsa que a todas e a todos nos afecta, porque coñecendo o noso pasado máis coñeceremos a condición humana no noso presente.

Todos somos romanos. Todos vimos deles. Todos somos eles. Non hai máis que mirar a Muralla de Lugo, o faro da Torre de Hércules ou as Termas de Ourense. O romano arrodéanos constantemente nas nosas vidas, cos seus monumentos, pontes, restos arqueolóxicos, moedas, coa súa maneira de entender o mundo.

Romano é un texto dun autor contemporáneo que rezuma por todas partes o arrecendo ao universo clásico. A poesía e o teatro greco-latino están presentes na obra e isto é relevante para o goce dos asistentes á función.

Se por unha banda Roma nos queda lonxe, por outra está moi próxima. O público ve reflectido nos personaxes clásicos os defectos e a gloria do ser humano. O peor e o mellor. Por iso a interpretación de *Romano* non pode ser edulcorada nin desconcertante. Debe ser rotunda e concreta.

Martes, **04** de febreiro
Duración: 75 minutos.

LA MUJER POR FUERZA

de Tirso de Molina

Arte-Factor / Brazo Doble Producciones
Dirección: José Maya
Versión: Amaya Curieses
Reparto: Alicia Rodríguez, Álex Tormo, José Bustos, José Carrasco, Alicia González, José Maya y Ana Alonso/Iria Márquez

Unha das comedias de enredo máis divertidas do noso teatro clásico, na que unha muller, Finea, se disfraza de home para conquistar a outro home, o conde Federico, do que está perdidamente namorada e ao que paradoxalmente xamais viu. Este comportamento transgresor pon en cuestión as leis cortesanas ás que están sometidos todos os homes desta comedia. A crecente desesperación do conde, ao que se lle ofrecen "probas" fidedignas de que raptou, violou e abandonou a unha muller que non coñece, resulta nun hilarante enredo de cambio de roles nesta versión do clásico que intenta conseguir un equivalente moderno do impacto que tería a peza no espectador do século XVII.

"Ai Federico, Federico, en que lío te metiches! Infiel?, traidor?, polígamo?, vil sedutor?... ou quizais só esquizofrénico… Se é que, aínda que te empeñes, non se pode contentar a todo o mundo. Se non foras a Hungría; se non coñeceses a Alberto; se non abandonases a Florela… isto non estaría ocorrendo e Finea non sería Celio nin Fenisa sería Finea… Todo, todo, pola súa mala cabeza. En fin, o enredo está servido! Homes e mulleres do século XXI, vide desentrañar este lío que Tirso de Molina organizou no XVII e… que gocedes del!"

(Amaya Curieses)

Fotografía: Manuel Lemos

Xoves, **06** de febreiro
Duración: 50 minutos.

SERÁN CLÁSICO

Danza

Carballal Producións
Dirección: Juan Miguel, Hernández Delgado
Adaptación: repertorio clásico (M. Petipa e J. Cranko)
Reparto: Juan Miguel Hernández Delgado, Miguel Ángel Ponte Mosteiro, José Luis Cibreiro Pérez, Fernando Piñeiro González, Ailen Ramos Betancourt, Julia Méndez Suárez, Ana Serantes García, Rosalía Vázquez Teixido

Acompañadas dun repertorio de música clásica de Tchaikovsky, Prokofiev e Minkus amósanse ao público unhas variacións de pasos a dous interpretadas por bailaríns cunha longa traxectoria en danza.

Primeira parte:
· Paso a dous de “Coppelia”.
· Adagio da rosa da “Bela Adormecida”.
· Paso a dous do primeiro acto do “Quebranoces”.
· Paso a dous do Paxaro Azul da “Bela Adormecida”.
· Vals do “Lago dos Cisnes”.

Segunda parte:
· Suite do “Corsario”

Sábado, **08** de febreiro
Duración: 2 horas.

EL ASNO DE ORO

de Lucio Apuleyo

Producciones El Brujo
Dirección: Rafael Álvarez

El Asno de Oro, escrita por Lucio Apuleyo no século II d. C., está considerada coma unha das grandes obras da literatura latina e unha das xoias da literatura universal. Trata das aventuras dun rapaz que, por causa dun maleficio, é transformado en burro e sofre as brutalidades dos seus diferentes amos, ata que é liberado pola deusa Isis. Trátase dunha historia de caída e redención, de crise e conversión.

Esta obra sérvelle ao director e actor cordobés para facer unha lectura do pasado e o presente, unha reflexión sobre a corrupción e a decadencia das sociedades, co humor e a ironía que o caracterizan.



Rafael Álvarez El Brujo dirixe, adapta e interpreta por primeira vez en todo o mundo *El Asno de Oro*, sendo esta a primeira vez que a obra se leva a escena.

Como xa fixera o ano pasado con *La Odisea*, El Brujo continúa explorando con *El Asno de Oro* a liña de traballo das súas últimas montaxes baseada no “actor solista”, tradición europea que se remonta aos xoglares antigos e que tivo como expoñente máis prestixioso o premio nobel Darío Fo. No caso de *El Asno de Oro*, o uso deste estilo interpretativo ten unha maior razón de ser xa que o propio Lucio Apuleyo, considerado o precursor da novela en Roma, exerceu de orador ambulante.

09 Feb

Fotografía: Marta Iglesias

Domingo, **09** de febreiro

Horario: 18.30 horas.

Duración: 70 minutos.

(Para público familiar, + 7 anos)

SUEÑO DE UNA NOCHE DE VERANO

de Shakespeare

Teatro de fondo

Versión e dirección: Vanessa Martínez

Reparto: Mon Ceballos, Eva Higueras, Pablo Huetos, Pedro Santos, Maya Reyes

Oberón e Titania, rei e raíña das fadas que habitan no bosque, enfadáronse porque Titania roubou unha bóla máxica que controla os poderes da natureza. Oberón decide vingarse de Titania e pídelle ao trasno Puck que lle consiga certa flor máxica cuxo zume, vertido nos ollos de calquera ser mentres dorme, fará que se namore do primeiro que vexa cando esperte. Oberón atópase entón cunha parella de rapaces da cidade, Demetrio e Helena. El busca desesperadamente a súa amada Hermia e á súa vez, Helena persegue desesperadamente a Demetrio. Para complicar máis a situación chegaron tamén ao bosque Hermia e Lisandro, que foxen da cidade, onde os seus pais e Demetrio non lles permitían casar. Cando Oberón ve o mal que Demetrio trata a pobre Helena, ordénalle a Puck que verta un pouco daquel filtro amoroso nos ollos de Demetrio cando Helena estea xunto del. Pero as cousas non van saír como ningún deles espera: Puck equivócase de rapaz e verte o feitizo sobre Lisandro, que se namora de Helena en canto a ve. O lío está servido.

Ademais, unha compañía de artesáns chegou ao bosque para ensaiar unha obra de teatro. A Puck ocórreselle a idea de poñerlle unha cabeza de burro a un dos actores. Mentres tanto Oberón puxo o filtro nas pálpebras de Titania, quen ao espertar atopa ao seu lado o tecedor Fondonix coa súa cabeza de burro e namórase perdidamente del. Está todo ao revés! Como volverán as parellas de amantes a recuperar a cordura? Seguirá Fondonix vivindo con Titania, seguirá ela namorada dun burro para sempre? Volverá a natureza a recuperar a súa orde?

Proposta

Uns trasnos eléctricos, dúas parellas de amantes que se perden e un grupo de irredutibles actores afeccionados que ensaian… todos se dan cita nun bosque. É verán, é de noite e todo é posible cando o mundo máxico choca co mundo real por culpa do amor. Os “electroduendes” mesturarán as parellas, confundirán e transformarán aos actores e poñerano todo patas arriba a ritmo de rock e de jazz.

A versión que deste clásico fai Teatro Defondo, compañía que en 2012 cumpriu 10 anos, está chea de espírito lúdico, ritmo e comedia para atrapar igual aos novos espectadores e os seus maiores nunha viaxe trepidante onde 5 actores-músicos interpretan a máis de 20 personaxes.

É un espectáculo cheo de referentes moi familiares para o espectador (Asterix, A bóla de cristal, as consolas…) e ideal para que nenos e adultos se adentren no teatro e gocen de todas as súas posibilidades.

Mércores, **12** de febreiro

Duración: 90 minutos.

DONDE HAY AGRAVIOS NO HAY CELOS

de Francisco de Rojas Zorrilla

Mephisto teatro

Versión e dirección: Liuba Cid

Reparto: Vladimir Cruz, Justo

12 Feb

Salas, Claudia López, Dayana Contreras, Ramón Ramos, Yolanda Ruiz, Rey Montesinos, Gabriel Buenaventura y Joanna González.

Donde hay agravios no hay celos foi, con *Entre bobos anda el juego*, a comedia máis popular de Rojas Zorrilla. Formula tal acumulación de cuestións de honra sobre o protagonista que o efecto, cómico agora, debía ser esmendrellante na época, cando os espectadores vían en escena o seu código de conduta levado á exasperación.

O pobre Don Juan atópase con que Don Lope matou o seu irmán, deshonrou a súa irmá e é sospeitoso de andar trasteando coa súa prometida. Cal dos agravios debe primar na conduta que vai seguir para lavar a súa honra?

A posta en escena de Liuba Cid presenta un contraste estimulante respecto ao estilo que acostumamos ver por aquí aplicado ao teatro clásico. Cid, que é cubana, deixouse impregnar pola tradición do teatro bufo colonial, debaixo do cal latexa a Comedia del Arte: todo é "carantoña", xestualidade que subliña cada unha das palabras, xesticulación ininterrompida tanto da personaxe que fala coma dos segundos planos. Como esixe o estilo, nada se sae da milimetrada orquestración. Aí radica o mérito principal da montaxe.

Sábado, **15** de febreiro
Duración: 1 hora, 45 minutos sen descanso.

CELESTINA, LA TRAGICOMEDIA

de Fernando de Rojas

ATALAYA
Dirección, espazo escénico, Versión e dramaturxia: Ricardo Iniesta

15 Feb

Reparto: Carmen Gallardo, Raúl Vera, Silvia Garzón, Manuel Asensio, Jerónimo Arenal, Lidia Mauduit, María Sanz.

A riqueza de imaxes que contén o texto de Rojas resulta única na literatura dramática de todos os tempos. Ao tempo, sen estar escrito en verso, posúe un ritmo e unha riqueza de matices que non se atopa en prosa ningunha. En canto á temática, esta resulta rabiosamente actual.

A Celestina posúe un parentesco moi claro coa linguaxe grotesca e cruel que esta compañía levou a escena en *Divinas palabras*. Pero esta visión remítenos tamén ao expresionismo máis inquietante e, por intres, queremos que estea presente a linguaxe onírica que nos impregnara o Lorca máis surrealista. Os actores do equipo estable de Atalaya son quen darán vida a estas diversas linguaxes a través dunha enerxía especialmente intensa que require esta obra.

O universo sonoro remítenos ao misterio, a perturbación e a maxia dos cánticos eslavos e balcánicos, con retallos oníricos galaicos que nos transportan no tempo. Universais son o vestiario e espazo escénico; ben nos pode evocar ancestros da fin do medievo, pero tamén nos pode remitir a un contexto máis actual. En definitiva, o seu obxectivo é chegar á memoria e os sentidos do espectador.